



BOP

MÉRCORES, 19 DE NOVIEMBRE DE 2025 N.º 266

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MULLER E IGUALDADE

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE MULLER E IGUALDADE (SECCIÓN DE IGUALDADE) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dase publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no terceiro trimestre do ano 2025:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR)	G-70223417	Nominativa	VIO 9:Ver para erradicar	2311.48900	6.500,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR)	G-70101647	Nominativa	Emponderamento da muller no Rural	2311.48900	50.000,00 €	1	Presidencia

Lugo, 14 de novembro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3228

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dase publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no terceiro trimestre do ano 2025:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV.	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación pais e nenos con discapacidade da Mariña Lucense	G-27267269	Nominativa	Servizo Ambulatorio	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV.	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación de promoción e integración gitana de Lugo	G-27017987	Nominativa	Rehabilitación Vivendas	2312.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación de colaboración y Promoción del Sordo (ACOPROS)	G-15048762	Excepcional	Apoio Integral para maiores con perda auditiva	2314.48911	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación banco de alimentos de Lugo	G-27210053	Nominativa	Merca de ovos	2314.48900	10.00,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación A Mariña- Cogami	G-27105253	Nominativa	Rehabilitación Física e Emocional para Persoas con Discapacidade	2314.48900	7.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Auxilia (Delegación de Monforte)	G-08317059	Nominativa	Promoción da autonomía persoal no domicilio	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación de familias e enfermidades de alzhéimer de Chantada	G-27320225	Nominativa	Programa atención directa	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Anpa do Colexio de Educación Especial Santa María de Lugo	G-27159425	Nominativa	Nós tamén xogamos	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación Capaces Lugo	G-27450147	Nominativa	Servicio de Axuda e Asistencia a Persoas con TEA	2314.48900	4.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Fundación "Eu Son"	G-27222983	Nominativa	Gastos Mantemento, Centro de Día	2314.48900	3.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Fundación dano cerebral (FUDACE)	G-27293505	Nominativa	Gastos de Funcionamento	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación de Padres madres y amistades de personas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"	G-15771777	Nominativa	Promoción das Persoas con Discapacidade Intelectual dende a Provincia de Lugo e cara á Provincia de Lugo	2314.48900	8.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación somos unidos por el cancer	G-27461714	Nominativa	Aluguer Piso de Acollida para Persoas con Cancro	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación Alcer Lugo	G-27015866	Nominativa	Atención Integral a Persoas con Enfermidade Renal	2314.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación Lucense de esclerosis múltiple (ALUCEM)	G-27209535	Nominativa	Programa de Atención Integral en Esclerose Múltiple	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación R.C.Villalbes	G27119858	Excepcional	Equipamento deportivo para o equipo de persoas con diversidade funcional	2314.48911	3.800,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación de pais de persoas con discapacidade intelectual de Viveiro (ASSPANANE)	G-27027028	Nominativa	Apoio na planificación e xestión de proxectos de Ocio e Apoio na atención a persoas con discapacidade intelectual	2314.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación española contra el cancer	G-28197564	Nominativa	Atención Psicosocial ao Paciente Oncolóxico	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV.	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación de Familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias (AFAN BURELA)	G-27442482	Nominativa	Centro de Respiro Familiar	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación párkinson Lugo	G-27382027	Nominativa	Motivación para a Saúde na Enfermidade de Párkinson	2314.48900	7.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Cogami Confederación	G-32115941	Excepcional	Implantación do modelo AICP no centro de recursos para persoas con discapacidade de Fingoi-Lugo	2314.48911	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Federación de asociacións no ámbito social de Lugo	G-27436419	Nominativa	Construíndo redes de apoio, oportunidades e formacións para o cambio social	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación Nenos Ponte dos Santos	G-27434455	Nominativa	Axuda ao Transporte de Nenos/as	2314.48900	14.000,00 €	1	Presidencia

Lugo, 14 de novembro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3229

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2024/CON_02/000115.- RIBEIRA DE PIQUÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4802 "SANTALLA - NAVALLO - PONTE SOUTELO (LU-P-4606)", P.K. 19+765 A 22+933.

2024/CON_02/000116.- SOBER.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA POR TRAMOS LU-P-5903 "SOBER - DOADE (LU-903)", P.K. 1+370 A 8+059

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 17 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3230

CONCELLOS

CERVO

Resolución 2025-1161, do 13 de novembro de 2025, do Concello de Cervo (Lugo), polo que se deixa sen efecto a de 5 de novembro de 2025, referente a convocatoria para proveer unha praza.

Deixase sen efecto o anuncio publicado, mediante Resolución de 5 de novembro de 2025, no "Boletín Oficial do Estado" número 273, de 13 de novembro de 2025 (BOE-A-2025-22990), respecto da praza de Auxiliar Administrativo/a, pertencente a escala de Administración Xeral, subescala Administrativa/Auxiliar e clase

Auxiliar, polo sistema de concurso-oposición, por quenda libre, cuxas bases foron publicadas no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 254, de 5 de novembro de 2025.

Cervo, 14 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3231

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de novembro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de outubro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 11 de novembro de 2025.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3197

LOURENZÁ

Anuncio

Anuncio de notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida.

Iniciado expediente de baja de oficio, habiendo enviado comprobación periódica de la residencia en el municipio de extranjeros que tienen la obligación de renovar su inscripción padronal remitido por el Instituto Nacional de Estadística, se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio del procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de la persona que se relaciona a continuación:

- **D. DUMITRU ANCUTA CON DOCUMENTO N.º Y*****69***

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la **baja en el Padrón Municipal de Habitantes** del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 12 de noviembre de 2025.- La alcaldesa, Rocío López García.

R. 3198

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 05 de novembro de 2025, adoptou entre outros o acordo 15/454, polo que se acorda delegar no tenente de alcaldía da área de dinamización económica e relacións institucionais as competencias para a adopción e resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente administrativo relativo á adhesión ao convenio de colaboración entre os concellos de As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo para a representación, recuperación e promoción da "vía künig, camiño de Hermann Künig".

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 11 de novembro de 2025.- A tenente de alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, a Ilma Sra. D^a Ana María González Abelleira.

R. 3199

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

O Pleno da Corporación do Concello de Negueira de Muñiz, na sesión celebrada o día 14 de novembro de 2025, aprobou inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Negueira de Muñiz (RPT).

De conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o expediente sométese a información pública por un prazo de vinte días, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron suxestións, reclamacións, ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. En caso de non producirse reclamacións ou alegacións, o acordo considérase definitivamente aprobado sen necesidade de novo pronunciamento plenario.

O texto da relación de postos de traballo pode consultarse nas dependencias municipais ou no portal de transparencia da sede electrónica do concello de Negueira de Muñiz.

Negueira de Muñiz, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3232

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de novembro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de outubro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 10 de novembro de 2025.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3200

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 23/10/2025, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao terceiro trimestre do ano 2025 a:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e

presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30/03/2026**.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 31 de outubro de 2025.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 3201

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 17/2025 mediante créditos extraordinarios 2/CE/2025

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 17/2025, dentro do orzamento municipal do exercicio 2025, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 20 de outubro ó 10 de novembro de 2025, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 240 de data 18 de outubro de 2025, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

DENOMINACIÓN	PARTIDA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO	TOTAL PARTIDA
Pago a Deputación da Liquidación do ano 2023 CAM Pedrafita do Cebreiro	231.461	56.497,44	52.573,12	109.070,56

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.371.351,84

Remanente Utilizado:	87.681,67
Remanente Líquido de Tesourería Disponible:	1.283.670,17
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	52.573,12
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.231.097,05

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	158.482,10		158.482,10
2	0,00		0,00
3	99.278,18		99.278,18
4	857.928,94		857.928,94
5	18.296,40		18.296,40
6	0,00		0,00
7	326.067,00		326.067,00
8	713.589,27	52.573,12	766.132,69
9	0,00		0,00

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	1.134.674,83		1.134.674,83
2	350.213,65		350.213,65
3	400,00		400,00
4	68.997,44	52.573,12	121.570,56
5	0,00		0,00
6	619.355,97		619.355,97
7	0,00		0,00
8	0,00		0,00
9	0,00		0,00

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 12 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 3202

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2025, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 3º TRIMESTRE DE 2025**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de decembro de 2025 ó día 31 de xaneiro de 2026, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 7 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 3203

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/315 de data 10 de novembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 11 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 3204

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/316, de data 10 de novembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 11 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 3205

O SAVIÑAO*Anuncio*

Mediante Decreto de Alcaldía 2025-0391, de data 14 de novembro de 2025, aprobáronse a convocatoria e as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 2 LIMPADORES/AS ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2025 (Programa B.3 reforzo do emprego), baixo a modalidade de persoal laboral temporal por circunstancias da produción, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (Expte.497/2025).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3233

XERMADE*Anuncio***Aprobación inicial do orzamento do exercicio 2026. Expte. 785/2025.**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 14 de novembro de 2025, o orzamento xeral para o exercicio económico de 2026, o cadro de persoal para dito exercicio e documentación anexa, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados poidan proceder ao seu exame e formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o orzamento para o exercicio 2026 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Xermade, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3234

*Anuncio***Aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito núm. 2025/TC/05. Expte. 841/2025**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 14/11/2025, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2025/TC/05, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito, por importe de 18.900,00€.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3235